

TÁBOA I

a	b	c	d
R-410 a	Difluorometano Pentafluoretano	CH ₂ F ₂ 50% CHF ₂ —CF ₃ 50%	0,3

a = Denominación simbólica numérica do refrixerante.
b = Nome químico común do refrixerante.
c = Fórmula química do refrixerante.
d = Carga máxima en quilogramos por metro cúbico de espazo habitable.

3. Instrucción técnica complementaria MI-IF009.

Amplíase a táboa que recolle o valor do factor f, para a determinación da capacidade mínima de evacuación da válvula de seguranza, coa inclusión dos que se indican a seguir:

Refrixerante	f
R-410 A	730

Segundo.—Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de decembro de 2002.

PIQUÉ I CAMPS

Excmo. Sr. Secretario de Estado de Política Científica e Tecnoloxía.

24533 *ORDE CTE/3191/2002, do 5 de decembro, pola que se tipifican novas reformas de importancia e se modifican os anexos I e II do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, polo que se regula a tramitación de reformas de importancia de vehículos de estrada e se modifica o artigo 252 do Código da circulación.* («BOE» 301, do 17-12-2002.)

A experiencia adquirida pola aplicación do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, as correccións aparecidas na Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 22 de maio de 1989, así como en consideración da incidencia que presentan sobre a seguridade vial certas reformas que se veñen realizando sobre os vehículos, non tipificadas ata o momento, aconsellan a súa incorporación para efectos de controla-la execución destas reformas.

Adicionalmente, a derogación de varios artigos do Código da circulación polo Regulamento xeral de vehículos, en particular o artigo 252, que eximía do cumprimento do Real decreto 736/1988 os vehículos especiais agrícolas e os vehículos especiais de obras, deriva en que os citados vehículos tamén están afectados polo citado real decreto.

Doutra parte, a experiencia adquirida polos laboratorios oficiais encargados dos ensaios de homologación de funcións parciais, tanto nos propios ensaios de homologación como nas verificacións necesarias para o control da conformidade de produción, fai posible que os laboratorios poidan informar con respecto a estes requisitos técnicos, o que, sen dúbida, resulta aconsellable

que sexan esixidos ós vehículos sometidos a unha ou varias reformas, evitando así que non se controle o cumprimento coa regulamentación esixida no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos, ós vehículos modificados pola vía do Real decreto 736/1988.

A disposición derradeira do citado Real decreto 736/1988 autoriza o Ministerio de Industria e Enerxía, as competencias do cal nesta materia foron asumidas polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, para modificar por orde os anexos do citado real decreto, así como para tipificar novas reformas adicionais ás indicadas no artigo segundo.

Do mesmo xeito, a disposición derradeira primeira do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, faculta o suprimido Ministerio de Industria e Enerxía para dictar ou promover, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación do establecido no regulamento, habilitación que se utiliza para a redacción do punto terceiro desta orde.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se aplican as disposicións da Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño.

Esta disposición dítase ó abeiro da competencia estatal exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, así como a competencia sobre vehículos de motor prevista no seu artigo 149.1.21.^a

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificación da tipificación das reformas.*

1. Renumérase a reforma número 32, «Cambio dalgunha das características indicadas na tarxeta ITV do vehículo e non incluída nos casos anteriores», e pasa a se-la reforma número 46 das recollidas no artigo 2 do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo.

2. Agréganselle as seguintes reformas de importancia ó artigo 2, «tipificación das reformas» do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo.

Reforma número 32: Substitución do ou dos depósitos de carburante líquido ou a adición de depósito(s) auxiliar(es).

Reforma número 33: Incorporación de ramplas, elevadores ou sistemas doutra natureza para facilita-lo acceso ou a saída de persoas.

Reforma número 34: Incorporación de ramplas, elevadores ou sistemas doutra natureza para facilita-la carga e descarga de mercadorías.

Reforma número 35: Incorporación de mecanismos para a tracción do vehículo distintos dos seus propios medios de propulsión ou para a tracción doutro vehículo.

Reforma número 36: Substitución de asentos do vehículo por espazo e medios de suxeición das cadeiras de rodas para persoas de mobilidade reducida.

Reforma número 37: Substitución dun eixe por outro de distintas características.

Reforma número 38: Substitución dos asentos dun vehículo con nove prazas como máximo, incluído o conductor, por outros non incluídos na homologación de tipo.

Reforma número 39: Instalación, nos tractores agrícolas ou forestais, dunha estrutura de protección do conductor non incluída na homologación de tipo.

Reforma número 40: Instalación de forma permanente, nos tractores agrícolas ou forestais, de dispositivos ou máquinas auxiliares para o traballo (pa escavadora ou cargadora, vibrador, perforadora, guindastre, etc.).

Reforma número 41: Instalación nos tractores agrícolas ou forestais de mando de freado para o vehículo remolcado non incluído na homologación de tipo.

Reforma número 42: Transformación dun vehículo das categorías N e O que estivera preparado para unha aplicación determinada, noutra aplicación que requira modificacións na súa estrutura ou carrocería.

Reforma número 43: A substitución do motor por outro que corresponda a unha variante diferente, segundo se define no Real decreto 2140/1985.

Reforma número 44: Reformas que impliquen cambio na categoría ou tipo do vehículo, segundo se define nas directivas 70/156/CEE, 74/150/CEE e 92/61/CEE ou no Real decreto 2140/1985.

Reforma número 45: A substitución de pneumáticos incluídos na homologación de tipo do vehículo por outros que non cumpran os seguintes criterios de equivalencia:

Índice de capacidade de carga igual ou superior.

Código de categoría de velocidade igual ou superior.

Igual diámetro exterior cunha tolerancia de ± 3 por 100.

Que o perfil da pina de montaxe sexa o correspondente ó pneumático.

Polo que queda sen contido a reforma número 12.

Segundo. *Substitución dos anexos I e II do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo.*

Os anexos I e II do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, polo que se regula a tramitación de reformas de importancia de vehículos de estrada e se modifica o artigo 252 do Código da circulación, quedarán substituídos polos que se inclúen nesta orde.

Terceiro. *Réxime transitorio.*

As reformas de importancia xeneralizadas autorizadas conforme as prescricións establecidas con anterioridade á entrada en vigor desta orde e non introducidas nos vehículos só se poderán efectuar dentro dos doce meses seguintes á publicación desta orde.

Os vehículos ós que se lles efectuase unha reforma tipificada como tal nesta orde e que con anterioridade non fose considerada como reforma, deberana legalizar ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, de acordo co disposto no artigo 7 do Regulamento xeral de vehículos aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, seguindo o procedemento establecido nesta orde, para o cal disporán do prazo dun ano.

As reformas de importancia en tramitación que non queden autorizadas na data de entrada en vigor da presente orde deberán tramitarse seguindo as esixencias desta.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor ós seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de decembro de 2002.

PIQUÉ I CAMPS

Excmo. Sr. Secretario de Estado de Política Científica e Tecnolóxica.

ANEXO I

Requisitos xerais

Notas:

1. A regulamentación esixible ó vehículo reformado nas táboas do anexo I entenderase que é a aplicable na data de execución da reforma, para o que atinxa ás funcións de freado, dirección e masas e dimensións; e a aplicable na data da súa primeira matriculación para o resto das esixencias regulamentarias, con excepción dos autobuses e autocares que, ademais, deberán cumprir inescusablemente cos regulamentos CEPE/ONU 36, 52, 107 e 66 segundo o seu caso.

Cuando a reforma implique cambio de categoría ou tipo do vehículo, deberá tramitarse ademais como reforma número 44.

2. A regulamentación esixible para a tramitación das reformas de importancia deriva da que se cita na columna 3 do anexo I do Real decreto 2028/1986, aceptándose como alternativa a indicada na columna 4 do mesmo anexo.

Nos cadros de regulamentación esixible indícanse, para cada reforma, as funcións que, de se-lo caso, se poden ver afectadas pola reforma e, en consecuencia, o seu cumprimento ou a equivalencia de resultados deben estar expresa, explícita e claramente determinados no informe emitido polo fabricante ou polo seu representante debidamente acreditado ou polos laboratorios acreditados en España ou por un estado membro ou por un país integrante da Asociación Europea de Libre Comercio, parte contratante do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo. Aceptaranse os informes emitidos polo citado laboratorio cando o laboratorio acreditado en España certifique que aquel laboratorio ofrece garantías técnicas, profesionais e de independencia equivalentes.

O cumprimento da regulamentación esixible demostrarase:

a) Para vehículos nos que a reforma implique un cambio da súa categoría ou tipo (reforma número 44).

i) Mediante a presentación de copia autenticada da documentación de homologación correspondente e esixible na data na que se realiza a reforma. No caso de que a(s) reforma(s) deriven noutro vehículo xa homologado, abondará con que o solicitante da reforma obtéña do fabricante ou do seu representante debidamente acreditado ou dos laboratorios oficiais acreditados en España para os ensaios de homologación de tipo un informe que acredite este feito.

ii) Mediante informe emitido polo fabricante ou polo seu representante debidamente acreditado ou laboratorio oficial acreditado en España para os ensaios de homologación da regulamentación de que se trate, no que se poña de manifesto que as condicións de seguridade vial e de protección do ambiente son equivalentes ás esixidas nos requisitos xerais.

b) Para vehículos nos que a reforma non implique un cambio da súa categoría ou tipo.

r
iii) Mediante calquera dos procedementos determinados na letra a).

iv) Mediante informe, segundo modelo do anexo II, emitido por un laboratorio autorizado para informes de reformas de importancia, ou do fabricante do vehículo ou do seu representante debidamente autorizado, no que se fará constar que o vehículo reformado, segundo se solicita, presenta unhas condicións de seguridade para os ocupantes do vehículo e para os demais usuarios das vías públicas e protección ó ambiente equivalentes ás que se lle esixan ó vehículo para circular segundo se determina no Regulamento xeral de vehículos.

No caso de que o emisor do informe favorable considere necesario basealo seu informe noutro emitido polo laboratorio oficial acreditado para os ensaios de homologación parcial de que se trate, deberá poñelo en coñecemento do interesado, quen estará obrigado a achega-lo informe ou informes solicitados como condición indispensable para que lle sexa emitido o informe favorable solicitado.

3. O resto das reformas non terán consideración de tales, salvo que afecten notoriamente a seguridade vial ou ó ambiente, caso no que o órgano da Administración competente o porá en coñecemento do centro directivo do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía compe-

tente en materia de seguridade industrial, para os efectos da súa posible tipificación como reforma.

4. A mención ós remolques ou semirremolques faise coa reserva de que dispoñan das partes ou pezas para as que se solicita o cumprimento da regulamentación esixible.

5. No caso dunha reforma individualizada amparada nunha xeneralizada, poderá substituírse o certificado de execución de obra polo certificado do taller que a efectuou.

Significado dos códigos

A	Proxecto técnico suscrito por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente e certificación de execución da obra.
B	Informe favorable do fabricante ou do seu representante debidamente acreditado ou do laboratorio oficial acreditado en España.
C	Certificación do taller que fai a reforma.
N/A-O	Non aplicable a vehículos da categoría O.
N/A-TA	Non aplicable ós tractores agrícolas ou forestais.
N/A-L	Non aplicable ós vehículos de dúas ou tres rodas e cuadríciclos.
SEC	Se é o caso.
RXV	Regulamento xeral de vehículos.

ANEXO I (Cont.)

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M, N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadríciclos	A	B	C
1	N/A-O - Ruídos - Emisións lixeiros (SEC) - Emisións pesados (SEC) - Fumes diesel (SEC)	- Ruídos - Fumes diesel (SEC) - Potencia na toma de forza (SEC)	- Ruídos (Decreto 25-5-1972. Ciclomotores) - Velocidade, potencia e par máximo (OM 10-7-1984. Ciclomotores)	NON	SI	SI
Esta reforma pode implicar unha tramitación adicional segundo as reformas 43 e 44. Requisitos adicionais: o emisor do informe deberá asegurar que o cambio das características do motor non supón un cambio determinante nas demais características do vehículo. En caso contrario, deberá facer constar as modificacións que cómpre realizar no vehículo para que se poida efectuar a reforma.						
2	N/A-O - Ruídos - Emisións lixeiros (SEC) - Emisións pesados (SEC) - Fumes diesel (SEC)	- Ruídos - Fumes diesel (SEC) - Potencia na toma de forza (SEC)	- Ruídos (Decreto 25-5-1972. Ciclomotores) - Velocidade, potencia e par máximo (OM 10-7-1984. Ciclomotores) -	NON	SI	SI
Requisitos adicionais: o emisor do informe deberá asegurar que o cambio das características do motor non supón un cambio determinante nas demais características do vehículo. En caso contrario, deberá facer constar as modificacións que cómpre realizar no vehículo para que se poida efectuar a reforma.						
3	N/A-O - Ruídos	- Ruídos	Ruídos (Decreto 25-5-1972. Ciclomotores)	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: o emisor do informe deberá asegurar que o cambio de localización do motor non supón un cambio determinante nas demais características do vehículo. En caso contrario, deberá facer constar as modificacións que cómpre realizar no vehículo para que se poida efectuar a reforma.						
4	N/A-O - Depósito de carburante (SEC) - Sistema de alimentación de carburante (SEC) - Ruídos (SEC) - Emisións lixeiros (SEC) - Emisións pesados (SEC) - Fumes diesel (SEC) - Vehículos eléctricos (SEC)	- Depósito de carburante (SEC) - Sistema de alimentación de carburante (SEC) - Ruídos (SEC) - Emisións lixeiros (SEC) - Emisións pesados (SEC) - Fumes diesel (SEC)	- Ruídos (Decreto 25-5-1972. Ciclomotores) - Velocidade, potencia e par máximo (OM 10-7-1984. Ciclomotores) -	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: en todo caso, queda prohibido o emprego de recipientes que conteñan mesturas comerciais de butano-propano para uso industrial ou doméstico						
5	- Freado	- Freado	- Freado	SI	SI	SI
Sen requisitos adicionais						
6	- Freado - Masas e dimensións (SEC)	N/A-T.A.	N/A-L	NON	SI	SI ⁽¹⁾
Requisitos adicionais: (1) O certificado do taller que fai a reforma deberá ir xunto cun informe do fabricante do equipo de freado incluído, ou dun laboratorio oficial no que deberá definirse inequivocamente a situación do ralentizador, dos seus soportes, a súa eventual protección contra os quentamentos excesivos, así como a súa eficacia e, de se-lo caso, a súa compatibilidade co sistema de ABS.						

i-

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
7	- Ruídos - Freado (SEC) - Tacógrafo (SEC)	- Ruídos - Velocidade - Freado (SEC)	- Ruídos - Velocidade, potencia e par máximo (OM 10-7-1984. Ciclomotores)	NON	SI	SI
Requisitos adicionais: Naqueles vehículos equipados con limitador de velocidade, deberase comprobar que non se alteraron os límites de velocidade impostos ó vehículo.						
8	Real decreto 2272/1985	Real decreto 2272/1985	Real decreto 2272/1985	SI ⁽¹⁾	SI	SI
Requisitos adicionais: Esta reforma deberá unicamente efectuarse para os casos e nas condicións que se determinan no Real decreto 2272/1985, do 4 de decembro, e na circular do Ministerio de Industria e Enerxía, do 24 de abril de 1986, seguindo o procedemento que para cada tipo de reforma se estableza. Baixo estas premisas deberase elabora-lo proxecto. ⁽¹⁾ As reformas para a adaptación de dispositivos para a conducción do vehículo non necesitarán proxecto técnico.						
9	- Protección traseira (SEC) - Freado (SEC) - Retrovisores (SEC)	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: Para a cualificación de suspensión pneumática ou equivalente, aplicarase o disposto na Directiva 97/27/CE						
10	- Dirección	- Dirección	-Antirrobo	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: Sen requisitos adicionais						
11	- Freado (SEC) - Dirección (SEC) - Recubrimiento de rodas (para vehículos M ₁) - Dispositivos antiproxección (vehículos N ₂ , N ₃ e O) (SEC)	- Freado (SEC) - Dirección (SEC) - Protección das rodas (SEC) - Velocidade (SEC) - Masas (SEC) - Protección contra a envorcadura (SEC) ⁽¹⁾	(Só aplicables a vehículos de 3 ou 4 rodas) - Freado (SEC)	NON	SI	SI
Requisitos adicionais: Esta reforma non se poderá efectuar cando implique risco de interferencias con outras partes do vehículo. ⁽¹⁾ No informe favorable debe figura-lo expreso cumprimento da Directiva 77/536/CEE, 79/622/CEE, 86/298/CEE e 87/402/CEE ou do anexo 2 da OM do 27-7-1979.						
12	Sen contido					

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
13	- Ruídos (SEC) - Freado (SEC) - Masas e dimensións - Dirección (SEC)	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: O cumprimento coa regulamentación de ruídos só se esixirá no caso de aumento de eixes						
14	Sen requisitos xerais	Sen requisitos xerais	Sen requisitos xerais	NON	SI	SI
Requisitos adicionais: Esta reforma non se concederá con carácter xeral; unicamente poderá efectuarse individualmente cando o novo bastidor ou estrutura autoportante sexa da mesma marca e características có primitivo. Unha vez efectuada esta reforma, non se admitirán peticións de substitución do motor ou doutros elementos esenciais do vehículo ata transcorridos tres anos, como mínimo, desde que se efectuou aquela, agás en caso de accidente debidamente xustificado. Xunto coa documentación esixida neste anexo, deberá achegarse un certificado de fabricación do novo bastidor ou estrutura autoportante, así como documentación sobre a necesidade de substitución do bastidor ou da estrutura autoportante. Autorizarase a reforma unicamente nos casos en que, por accidente, se inutilizase o autobastidor primitivo, sempre que os restantes elementos esenciais do vehículo sexan utilizables. No caso de que sexa posible, deberase toma-lo facsímil do número do bastidor que se vaia substituír. Se a nova peza carecese da numeración outorgada polo fabricante, procederase a troquelar ou gravar un novo número de bastidor, baixo o control do órgano competente en materia de industria, de conformidade co artigo 8 do Regulamento xeral de vehículos. Tanto os bastidores como as estruturas autoportantes que se substitúan, deberán ser inutilizados en presenza de persoal técnico do órgano competente en materia de industria, que levantará a correspondente acta. Os talleres que incumprisen este precepto, sen prexuízo doutras responsabilidades que puidesen derivar, serán sancionados conforme prevé a normativa aplicable. O órgano competente en materia de industria poderá, sen embargo, regulariza-la situación destes vehículos, estendendo unha nova tarxeta ITV, unha vez practicada a inspección técnica correspondente establecida no artigo 6, número 5 do Real decreto 2042/1994, e realiza-las comprobacións que se consideren pertinentes, respecto ás circunstancias que deron lugar ó incumprimento.						
15	- Masas e dimensións (SEC) - Regulamento CEPE/ONU 36 (SEC) - Regulamento CEPE/ONU 52 (SEC) - Resistencia superestructura 66R00 (vehículos clases II e III segundo Regulamento 36) (SEC)	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: Sen requisitos adicionais						
16	- Dirección - Freado (SEC) - Masas e dimensións	- Dirección - Freado (SEC) - Protección contra a envorcadura ⁽¹⁾	(Aplicable a vehículos de 3 ou 4 rodas) - Freado (SEC)	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: ⁽¹⁾ No informe favorable debe figura-lo expreso cumprimento da Directiva 77/536/CEE, 79/622/CEE, 86/298/CEE ou 87/402/CEE ou do anexo 2 da OM do 27-7-1979.						

i-

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
17	<ul style="list-style-type: none"> - Masas e dimensións (SEC) - Dirección - Freado 	<ul style="list-style-type: none"> - Dirección - Freado 	N/A-L	SI	SI	SI
<p>Requisitos adicionais: Enténdese que o aumento da MTMA do vehículo pode afecta-la distribución desta masa entre os seus eixes.</p>						
18	<p><u>Vehículos M₁ e N₁ (SEC)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Acondicionamento interior - Resistencia dos asentos e das súas ancoraxes - Ancoraxes dos cintos de seguridade - Instalación dos cintos de seguridade - Masas e dimensións RXV <p><u>Vehículos M₂ e M₃ (SEC)</u></p> <p>Regulamentos CEPE/ONU</p> <ul style="list-style-type: none"> - 36R03 para > 22 prazas - 52R01 para ≤ 22 prazas - 107R00 para > 22 prazas e con dous pisos - Resistencia dos asentos e das súas ancoraxes - Resistencia á envorcadura 66R00 para vehículos dun só piso (vehículos clases II e III segundo Regulamento 36) - Masas e dimensións 	N/A-T.A.	<ul style="list-style-type: none"> - Cintos de seguridade (Só para vehículos de 3 rodas e cuadriciclos) (SEC) - Asideiros - Repousapés 	NON	SI	SI
<p>Requisitos adicionais: Aceptarase a reforma dos autobuses para seren utilizados para o transporte de persoas discapacitadas ou de mobilidade reducida, mesmo cando isto esixa que estas persoas deban ir sentadas en asentos especiais para os que se disporán as ancoraxes necesarias de conformidade coa lexislación vixente e cando se trate da instalación dun asento para tripulante non recollido nos Regulamentos 36R02, 52R01 ou 107E00. De se-lo caso, comprobarase que o asento para tripulante sexa instalado de forma que se cumpran as prescricións dos Regulamentos 36R03, 52R01 e 107R00. Nos casos de vehículos destinados ó transporte de persoas, cun número de asentos superior a nove incluído o do conductor, deberá tramitarse pola reforma nº 44. No caso de adición de asentos supletorios esixirase un proxecto técnico, no que se deberá pór de manifesto o cumprimento das prescricións que para o efecto se determinan na Directiva 74/408/CEE, coa súa última modificación en vigor en España</p>						

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
19	<p>a) <u>Transformación a transporte de persoas</u></p> <p><u>Vehículos M₁ (SEC) ⁽¹⁾</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Acondicionamento interior - Resistencia dos asentos - Ancoraxes dos cintos de seguridade - Instalación dos cintos de seguridade - Masas e dimensións <p><u>Vehículos M² e M³ (SEC) ⁽¹⁾</u></p> <p>Regulamentos CEPE/ONU</p> <ul style="list-style-type: none"> - 36R03 para > 22 prazas - 52R01 para ≤ 22 prazas - 107R00 para > 22 prazas e con dous pisos - Resistencia á envorcadura 66R00 (para vehículos dun só piso) (vehículos clases II e III segundo Regulamento 36) - Risco de incendio M₃ - Masas e dimensións RXV - Limitador de velocidade (para vehículos M₃> 10t) <p>b) <u>Transformación a transporte de mercadorías (SEC)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Sistemas antiproxección - Limitador de velocidade (para vehículos N₂ e N₃) - Dispositivos de unión - Dispositivos de separación da carga (SEC) 	N/A-T.A.	<ul style="list-style-type: none"> - Cintos de seguridade (só aplicable ós vehículos de 3 rodas e cuadriciclos) - Asideiros (SEC) - Repousapés (SEC) 	SI	SI	SI
<p>Requisitos adicionais: Para a transformación a vehículo para o transporte de persoas, só se poderá autorizar cando o vehículo estea homologado de tipo para ámbalas aplicacións e, en calquera caso, aplicarase o disposto na reforma nº 44. ⁽¹⁾ Non esixible cando o vehículo resultante da reforma corresponda a un tipo homologado e así se faga constar.</p>						

i-

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
20	N/A-O - Masas e dimensións (SEC) - Dirección (SEC) - Freado (SEC) - Dispositivos de unión (SEC)	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: - No caso de carrocerías homologadas, o carrozado inicial como isoterma ou frigorífico non ten carácter de reforma a menos que se modifique a estrutura ou dimensións do bastidor. - No caso de montaxe de dispositivos de unión para tractocamiós e remolcadores, o proxecto técnico pode ser substituído polo informe do fabricante no que se fagan consta-los límites de instalación dos citados dispositivos. - Os vehículos transformados para arrastrar un remolque ou semirremolque das categorías O ₃ e O ₄ estarán equipados con freado autobloqueo, segundo o Real decreto 2028/1986.						
21	N/A-O - RD 772/1997	- RD 772/1997	- RD 772/1997	NON	SI ⁽¹⁾	SI
Requisitos adicionais: Sen requisitos adicionais (1) Nos vehículos de dúas rodas nos que non se efectúe ningunha transformación, non será necesario o cumprimento da columna B.						
22	N/A-O - Masas e dimensións - Dirección - Freado	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: Deberase cumprir-la norma UNE 108-131-86, sobre "Blindaxes transparentes ou translúcidas"						
23	N/A-O - Masas e dimensións - Retrovisores - Dispositivos de iluminación	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: Sen requisitos adicionais						
24	N/A-O - Masas e dimensións	N/A-T.A.	N/A-L	NON ⁽¹⁾	SI	SI
Requisitos adicionais: (1) No caso de vehículos con carrocería autoportante, esixirase o proxecto técnico						

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
25	N/A-O - Masas e dimensións (SEC) - Freado (SEC) ⁽¹⁾ - Acondicionamento interior (SEC) - Asentos e as súas ancoraxes (SEC) - Ancoraxes e cintos de seguridade (SEC) - Acristalamento (SEC) <u>Para transformación de autocaravanas, ademais:</u> - Certificado de masas e prazas autorizadas - Certificado de instalador de gas - Certificado de instalador eléctrico	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	NON
Requisitos adicionais: Ós vehículos transformados destinados ó transporte común de persoas esixíraselle-lo cumprimento dos Regulamentos CEPE/ONU 36, 52, 107 e 66, segundo o seu caso e con independencia da súa data de fabricación. ⁽¹⁾ Para o caso de transformación a autocaravana, ambulancia e coche fúnebre, os requisitos esixibles para o freado serán os indicados no anexo XI da Directiva 70/156/CEE.						
26	- Masas e dimensións - Dispositivos mecánicos de unión	- Enganches mecánicos	N/A-L	NON ⁽¹⁾	SI	SI
Requisitos adicionais: A montaxe de dispositivos de unión homologados para o vehículo en cuestión non se considerará reforma de importancia. ⁽¹⁾ Para os vehículos nos que non fose homologado o sitio para o enganche esixírase o proxecto técnico						
27	- Masas e dimensións - Dispositivos de iluminación (SEC)	N/A-T.A.	(Só aplicable a vehículos de 3 rodas e cuadriciclos) Dispositivos de iluminación	NON	SI	SI
Requisitos adicionais: Sen requisitos adicionais						
28	N/A-O - Acondicionamento exterior (SEC)	- Protección contra a envorcadura (SEC) ⁽²⁾	N/A-L	NON ⁽¹⁾	SI	SI
Requisitos adicionais: ⁽¹⁾ Ós vehículos transformados destinados ó transporte común de persoas, esixíraselle-lo cumprimento dos Regulamentos CEPE/ONU 36, 52, 107 e 66, segundo o seu caso e con independencia da súa data de fabricación, así como proxecto técnico. ⁽²⁾ No informe favorable debe figura-lo expreso cumprimento da Directiva 77/536/CEE, 79/622/CEE, 86/298/CEE ou 87/402/CEE ou do anexo 2 da OM do 27-7-1979.						

i-

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
29	N/A-O - Dispositivos de iluminación	- Dispositivos de iluminación	- Dispositivos de iluminación	NON	NON	SI
	Requisitos adicionais: Esta reforma débese efectuar de maneira que a intensidade máxima de tódalas luces de estrada que se poidan acender asemade non exceda de 225.000 candelas. Esta prescrición non se aplica ós ciclomotores de 2 ou 3 rodas nin ós cuadricilos lixeiros.					
30	N/A-O - Dirección	_ Dirección	N/A-L	NON	SI	SI
	Requisitos adicionais: Sen requisitos adicionais					
31	Sen requisitos xerais	Sen requisitos xerais	Sen requisitos xerais	-	-	-
	Requisitos adicionais: Nesta reforma aplicarase o prescrito para a modificación efectuada, agás cando se trate de conxuntos funcionais previamente homologados, caso no que o órgano competente en homologación do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, poderá eximir do cumprimento da regulamentación afectada polo conxunto funcional.					
32	- Depósitos de carburante (Para M ₂ e M ₃ aceptarase o cumprimento cos regulamentos CEPE/ONU 36R03, 52R01 e 107R00) (SEC)	- Depósitos de carburante	- Depósitos de carburante	NON	SI	SI
	Requisitos adicionais: - A capacidade total dos depósitos de carburante dun vehículo, incluídos os dos servicios auxiliares, non poderá excede-lo regulamentariamente establecido e, no caso do gasóleo, de 1500 litros. - Os depósitos deberán ser ensaiados e certificados por un laboratorio oficial acreditado.					

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
33	- Regulamentos CEPE/ONU 36R03, 52R01 ou 107R00 (SEC) - Masas e dimensións (SEC) - Dispositivos de iluminación (SEC)	N/A-T.A.	N/A-L	NON ⁽¹⁾	SI	SI
Requisitos adicionais: Consideraranse aceptables os mecanismos con nivel de seguridade equivalente, a xuízo do laboratorio oficial, ó descrito no anexo VII da Directiva .../... (Proposta de Directiva COM (97) 276- final- 97/0176 (COD). (¹) Para os vehículos nos que os dispositivos de acceso ou de saída non estean homologados, esixirase o proxecto técnico.						
34	- Masas e dimensións (SEC) - Dispositivos de iluminación (SEC)	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: Sen requisitos adicionais						
35	- Masas e dimensións (SEC) - Dispositivos de iluminación (SEC)	- Masas e dimensións (SEC) - Dispositivos de iluminación (SEC)	N/A-L	NON ⁽¹⁾	SI	SI
Requisitos adicionais: (¹) Para os vehículos nos que os dispositivos de tracción non fosen homologados esixirase o proxecto técnico.						
36	- Regulamentos CEPE/ONU 36R03, 52R01 ou 107R00 (SEC) - Masas e dimensións (SEC)	N/A-T.A.	N/A-L	NON	SI	SI
Requisitos adicionais: Deberase cumprilo disposto no anexo VII da Directiva 2001/85/CEE. (¹) Esixirase o proxecto técnico ata a entrada en vigor da directiva antes citada.						
37	- Freado - Masas e dimensións (SEC) - Ruídos (SEC)	- Freado - Masas e dimensións RXV (SEC)	- Freado - Masas e dimensións RXV (SEC)	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: O cumprimento con ruídos só se esixirá no caso dunha reforma que substitúa unha roda sinxela por outra xemelga.						
38	N/A-O - Asentos e as súas ancoraxes - Cintos de seguridade (SEC) - Ancoraxes de cintos de seguridade (SEC)	- Asento condutor (SEC) - Protección contra a envorcadura (SEC) (²)	N/A-L	SI ⁽¹⁾	SI	SI
Requisitos adicionais: No caso de T.A., a zona de seguridade do novo asento non deberá exceder os límites de seguridade definidos no ensaio da estrutura de protección do condutor. (¹) Para os T.A. con homologación CE non se esixirá o proxecto técnico. (²) No informe favorable debe figura-lo expreso cumprimento da Directiva 77/536/CEE, 79/622/CEE, 86/298/CEE ou 87/402/CEE ou do anexo 2 da OM do 27-7-1979.						

i-

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
39	N/A-M, N e O	<ul style="list-style-type: none"> - Protección contra a envorcadura ⁽¹⁾ - Acceso conductor (SEC) - Iluminación (SEC) - Retrovisores (SEC) - Campo de visión (SEC) - Dimensións (SEC) - Vidros de seguridade (SEC) 	N/A-L	NON	SI	SI
Requisitos adicionais: ⁽¹⁾ No informe favorable debe figura-lo expreso cumprimento da Directiva 77/536/CEE, 79/622/CEE, 86/298/CEE ou 87/402/CEE ou do anexo 2 da OM do 27-7-1979.						
40	N/A- M, N e O	<ul style="list-style-type: none"> - Campo de visión (SEC) - Equipo de dirección (SEC) - Masas máx. en carga (SEC) - Situación de placa matrícula (SEC) - Iluminación (SEC) - Retrovisores (SEC) - Freado (SEC) 	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: Para a instalación de dispositivos ou máquinas auxiliares de traballo, queda prohibida a modificación da estrutura de protección das súas ancoraxes ou de calquera compoñente do tractor que poida afecta-la resistencia destes.						
41	N/A-M, N e O	<ul style="list-style-type: none"> - Masa máxima remolcable - Mando de freado e freado 	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: Sen requisitos adicionais						
42	<ul style="list-style-type: none"> - Masas e dimensións (SEC) - Dirección (SEC) - Freado (SEC) - Dispositivos de unión (SEC) 	N/A-T.A.	N/A-L	SI	SI	SI
Requisitos adicionais: <ul style="list-style-type: none"> - No caso de carrocerías homologadas, o carrozado inicial como isoterma ou frigorífico non ten carácter de reforma a menos que se modifique a estrutura ou dimensións do bastidor. - No caso de montaxe de dispositivos de unión para tractocamiós e remolcadores, o proxecto técnico pode ser substituído polo informe do fabricante no que se fagan consta-los límites de instalación dos citados dispositivos. - Os vehículos transformados para arrastrar un remolque ou semirremolque das categorías O3 e O4 estarán equipados con freado antibloqueo, segundo o Real decreto 2028/1986. 						

Nº de reforma	REGULAMENTACIÓN ESIXIBLE SEGUNDO CATEGORÍA DE VEHÍCULOS			DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE		
	Vehículos M,N e O	Tractores e maquinaria agrícola homologados de tipo segundo 74/150/CEE ou RD 2140/1985	Vehículos de 2 ou 3 rodas e cuadriciclos	A	B	C
43	N/A-O - Ruídos - Emisións lixeiros (SEC) - Emisións pesados (SEC) - Fumes diesel (SEC)	- Ruídos - Fumes diesel (SEC) - Potencia na toma de forza (SEC)	- Ruídos (Decreto 25-5- 1972. Ciclomotores) - Velocidade, potencia e par máximo. (OM 10-7-1084. Ciclomotores)	NON	SI	SI
<p>Requisitos adicionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O emisor do informe deberá asegurar que o cambio das características do motor non supón un cambio determinante nas demais características do vehículo. En caso contrario, deberá facer constar as modificacións que cumpran realizar no vehículo para que se poida efectuar a reforma. - Esta reforma pode implicar unha tramitación adicional segundo a reforma número 44. 						
44	Ver requisitos adicionais	Ver requisitos adicionais	Ver requisitos adicionais	SI	SI	NON
<p>Requisitos adicionais:</p> <p>Para a determinación dos requisitos adicionais, aplicarase o que derive da reforma que se vaia realizar. O fabricante ou o laboratorio autorizado para reformas deberá establecer, en cada caso, as esixencias requiridas en función da reforma que se vaia realizar seguindo para iso as pautas establecidas para outras reformas.</p>						
45	- Velocímetro (SEC) - Tacógrafo (SEC) - Freado (SEC) - Dirección (SEC) - Recubrimiento de rodas (para vehículos M1) - Dispositivos antiproxección (Vehículos N ₂ , N ₃ e O) (SEC)	- Freado (SEC) - Dirección (SEC) - Protección das rodas (//) - Velocidade (SEC) - Masas (SEC) - Protección contra a envorcadura (SEC) ⁽¹⁾	- Freado (SEC) - Velocímetro (SEC)	NON	SI	SI
<p>Requisitos adicionais:</p> <p>Esta reforma non se poderá efectuar cando implique risco de interferencias con outras partes do vehículo.</p> <p>⁽¹⁾ No informe favorable debe figurar-lo expreso cumprimento da Directiva 77/536/CEE, 79/622/CEE, 86/298/CEE ou 87/402/CEE ou do anexo 2 da OM do 27-7-1979.</p>						
46	- Volume de bodegas segundo 36R03 > 22 prazas 52R01 ≤ 22 prazas 107R00 para 2 pisos	(Ver ficha ITV)	(Ver ficha ITV)	NON	SI	SI ⁽¹⁾
<p>Requisitos adicionais:</p> <p>Esta reforma requirirá a presentación dunha solicitude xunto coa tarxeta ITV orixinal, co fin de que sexa debidamente anotado o cambio na citada tarxeta.</p> <ol style="list-style-type: none"> a. Nos casos de vehículos destinados ó transporte de persoas cun número de asentos superior a nove, incluído o conductor, non se aceptará unha redución a nove ou menos prazas, agás que varíe a clasificación por utilización do vehículo (autocaravana, bibliotecas ambulantes ou bibliobuses, especiais de laboratorio, equipos-talleres, sanitarios, etc.) b. Para os vehículos previstos para varios usos que impliquen cambios na súa clasificación, farase constar esta circunstancia de polivalencia nas tarxetas ITV, anotando as distintas clasificacións que amparan o vehículo. Calquera ampliación a novo uso requirirá a presentación na estación ITV. c. En tódolos casos nos que se alude a tarxeta ITV, aceptárase un documento recoñecido como equivalente pola autoridade competente. <p>⁽¹⁾ Non se requirirá a presentación do certificado do taller cando a variación dalgunha característica non implique ningunha execución por parte do taller.</p>						

ANEXO II

O/os que asina(n) abaixo, expresamente autorizado/s por
 Informa (n):

Que o vehículo marca, tipo, variante, denominación comercial, e con número de bastidor
 é tecnicamente apto para ser sometido á(s) reforma(s) consistente(s) en

tipificada(s) no Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, co(s) número(s) ..., mantendo as condicións de seguridade e de protección ó ambiente regulamentariamente esixidas.

Especificacións técnicas ou regulamentarias (1) adicionais (póñase «ningunha» se procede).

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino o presente informe en, ode de

(1) Nota: A emisión deste informe significa o recoñecemento implícito do cumprimento da citada regulamentación por dispoñibilidade de certificados de homologación ou por equivalencia de resultados do vehículo reformado, salvo indicación explícita en contrario nas especificacións técnicas adicionais.

24640 *ORDE CTE/3216/2002, do 12 de decembro, pola que se dictan normas para o cumprimento da Decisión 1753/2000/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 2000, que establece un plan de seguimento da media das emisións específicas de CO₂ dos turismos novos matriculados.* («BOE» 302, do 18-12-2002.)

A Decisión número 1753/2000/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 2000 («Diario Oficial das Comunidades Europeas» do 10 de agosto), establece un plan de seguimento das emisións específicas de CO₂ producidas polos turismos novos matriculados na Unión Europea.

Enténdese por emisións específicas de CO₂ as emisións de CO₂ dun turismo medidas de conformidade coa Directiva 80/1268/CEE, establecida no anexo VIII da Directiva 70/156/CEE e que figuran no expediente de homologación.

Enténdese por turismo todo vehículo de motor da categoría M₁ definido no anexo II da Directiva 70/156/CEE do Consello e incluído no ámbito de aplicación da Directiva 80/1268/CEE. Non estarán incluídos os vehículos que entran no ámbito de aplicación da Directiva 92/61/CEE, nin os vehículos para usos especiais definidos no segundo guión da letra a) do punto 1 do artigo 4 da Directiva 70/156/CEE.

Conforme o establecido na mencionada decisión, os estados membros deberán recolle-las emisións específicas de CO₂ así como o resto da información descrita no anexo I da Decisión en relación con cada turismo novo matriculado no seu territorio, segundo os métodos indicados nos seus anexos II e III, e transmitirllas anualmente á Comisión información estatística relacionada cos ditos datos, estando fixada a data límite para o primeiro ano o 1 de xullo de 2001 e para os seguintes o 1 de abril de cada ano.

De acordo co disposto no artigo 28 e anexo XIII.A) do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 26 de xaneiro de 1999), para a matriculación dos vehículos cómpre a presentación na Xefatura de Tráfico, entre outros documentos, da tarxeta de inspección técnica, acreditativa das súas características técnicas, na que actualmente non constan as emisións específicas de CO₂ do vehículo, toda vez que os anexos 10 e 11 do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se dictan normas sobre homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, que regulan o modelo, contido e modo de cubri-las tarxetas ITV, non prevén que deba figurar ese dato do CO₂.

Resulta por tanto necesario crear unha base cos datos necesarios para o plan de seguimento, cruzamento coa información dos vehículos matriculados, depuración e homologación dos datos que permitan a confección da información estatística que se vai transmitir á Comisión. Adicionalmente, débese incluír nas tarxetas ITV dos turismos novos un código que permita localizar na citada base os datos técnicos necesarios para levar a cabo o plan de seguimento das emisións específicas de CO₂.

A disposición derradeira terceira do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, faculta o ministro de Ciencia e Tecnoloxía a modificar por Orde os anexos da dita disposición.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Obxecto.*

1. Co fin de lle dar cumprimento ó disposto na Decisión 1753/2000/CE, os fabricantes de turismos ou os seus representantes legais deberán anota-lo código ITV na primeira liña do recadro de clasificación do vehículo nas tarxetas de inspección técnica que expidan ós citados vehículos. Ademais, os fabricantes remitiranlle a información técnica asociada a cada modelo identificado por cada código ITV á Dirección Xeral de Tráfico coa finalidade de facilita-la anotación no rexistro de vehículos das características de cada vehículo matriculado, e en particular das emisións específicas de CO₂.

2. As especificacións do formato do código ITV e do protocolo de comunicación de datos indícanse no anexo desta orde. Os datos que forman o código ITV serán públicos.

Segundo. *Habilitación competencial.*—Esta orde dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das competencias que, se é o caso, teñan as comunidades autónomas.

Terceiro. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de decembro de 2002.

PIQUÉ I CAMPS

Ilmo. Sr. Director xeral de Política Tecnolóxica.

ANEXO

Especificación do formato do código ITV

Cada novo modelo ou variante dun vehículo que sexa distinguible por algunha característica técnica relevante suporá a alta dun novo código ITV. O fabricante ou a asociación de fabricantes deberalle comunicar á Dirección Xeral de Tráfico as características técnicas asociadas a cada novo código ITV. A comunicación realizarase mediante o envío por correo electrónico ó enderezo codi-